

Onde se conta como foi o nacemento da Colección “Benito Soto” e canto lle aconteceu ata a súa desaparición

Sabino Torres Ferrer

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

TORRES FERRER, SABINO (2011 [1991]). “Onde se conta como foi o nacemento da Colección ‘Benito Soto’ e canto lle aconteceu ata a súa desaparición”. En *La Colección Benito Soto: Poesía*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra [sen paxinar]. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1100>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

TORRES FERRER, SABINO (1991). “Onde se conta como foi o nacemento da Colección ‘Benito Soto’ e canto lle aconteceu ata a súa desaparición”. En *La Colección Benito Soto: Poesía*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra [sen paxinar].

* Edición dispoñíbel desde o 5 de setembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

ONDE SE CONTA COMO FOI O NACEMENTO DA COLECCIÓN “BENITO SOTO” E CANTO LLE ACONTECEU ATA A SÚA DESAPARICIÓN

Sabino Torres Ferrer

A edición facsímil dos volumes que compoñen a Colección “Benito Soto” de poesía, pola Deputación Provincial de Pontevedra, recuperan para a actualidade cultural de Galicia uns libros perdidos no tempo. Naqueles anos da pos-guerra, foron unha apaixonada andanza xuvenil que supuxo a primeira realidade editorial na nosa terra, despois da guerra civil.

Todo empezou na imprenta que tiña meu pai na rúa de Don Filiberto. Alí reuníanse connigo Emilio Álvarez Negreira e Manuel Cuña Novás. No outono do ano 1948 comezamos a concretar en animadas conversas que se prolongaban ata o abrente, unha idea de Negreira. Rafael Alonso foi chamado como ilustrador. O grupo quedou con ista incorporación de Rafael, disposto para se botar a andar na aventura que nos propoñíamos.

A idea de Emilio Álvarez Negreira era un proxecto simple: editar os nosos libros e invitar despois a tódolos amigos a compartir a Colección que nós tiñamos iniciado. Daquela non se editaban case libros, e ningún, dende logo, en lingua galega. Na nosa realidade editorial, pregoábamos de forma moi clara a realidade bilingüe da nosa terra e abrimo-la colección ós dous idiomas, sen preguntar ós amigos que ían chegando, como era a súa voz, nin de onde viñan. Simplemente fomos esixentes na calidade e sinceridade da súa poesía.

Tamén foi Negreira quen lle deu o nome a Colección:

— Se imos facer unhas edicións piratas, podemos darlle o nome de Benito Soto.

Na nosa idea non cabía ningún formalismo nin a máis pequena posibilidade de meter o nosos libros polo burato de ningún ventanil burocrático. Faríamos o que nos viñera en gana ó marxen de toda norma oficial, que había dabondo, pero que nada tiña que ver coa independente postura do noso proxecto. Eran tempos de escura actividade intelectual, e nós pretendíamos pescar nesas augas borrallentas. Por outro lado, nos críamos, inxenualmente, que a poesía non lle importaba a ninguén, e que poderíamos pasar inadvertidos para unha vida oficial que vivía de costas a toda creación intelectual espontánea.

Os dous primeiros volumes serían libros de Negreira e Cuña Novás; así o tiñamos determinado no proxecto e ofrecímo-lo primeiro número a Álvarez Negreira, o benxamín do grupo, como homenaxe á aportación da idea da Colección e o seu extraordinario entusiasmo, e ó propio tempo encargámoslle a dirección da mesma, xa que sempre foi o máis estudioso e férreo crítico de tódalas nosas actividades. Cuña Novás empezou a magoarse. Decía que tiña un estraño mal. Unha melancolía que o levóu a convivir cos animais que despois foron o seu “Fabulario novo”. Non podía escribir, e eu tiven que corre-lo turno. Dunha maneira precipitada, sobre as caixas da imprenta, ordenei e concertei os poemas de “Como el río”.

Cos dous primeiros volumes editados ó inicio de 1949, confeso que me asustei. Pareceme perigosa a idea da Colección ó marxe da legalidade e recurrín a Celso Emilio Ferreiro, coa intención de buscar o seu apoio. Emocionouse ó coller nas mans aqueles dous pequenos libros e volcouse na nosa idea. Por aquel entón, Ferreiro xa era un escritor consagrado, moi vinculado a diversos periódicos, nos que tiña algunha colaboración fixa, e destacado intelectual na vida pontevedresa. Axudounos na redacción do manifesto que tiña esbozado Negreira, escribiu cartas a tódolos seus amigos e publicou diversas críticas, en especial unha en “Sonata Gallega”, a revista de Ramón Peña, da que era redactor-xefe, que foi ilustrada cuns retratos de Rafael Alonso.

A entrada de Ferreiro cambiou algunhas cousas na Colección, xa en marcha. Fun eu quen o nomeou director coa oposición de todo o grupo, porque este feito, mandaba a Negreira ó posto de secretario. De algunha maneira a miña cualidade de editor e mecenas dotábame dunha autoridade que nunca se discutíu, e ista decisión foi obedecida, recoñezo que a pesar do modo autoritario en que foi plantexada. Dende o primer momento quedou clara a posición de todos e cada un dos compoñentes do grupo, e a Negreira correspondulle realmente dirixir a Colección, falar cos autores, seleccionar textos, etc. Houbo algunha pequena excepción, pero nunca me fixeron o máis mínimo reproche. Recordo a edición de “Dona do corpo delgado”. Cunqueiro aburado de urxencias sentimentais recurríu a min na seguridade de que así a edición faríase antes. Escribíume unhas cartas deleitosas que perdín nun pequeno incendio na miña casa. O libro, a verdade, entusiasmounos a todos e tivo un trato preferente, polos seus méritos, non pola miña dereita xestión.

Celso Emilio foi en todo momento como un irmán maior, a quen máis dunha vez tivemos que consultar. Nesto foi extraordinariamente xeneroso e deixounos facer o que nos veu en gana. Ademais do entusiasmo, tamén Celso Emilio aportou un extraordinario libro que fixo en colaboración con Antonio Blanco Freijeiro: “Musa alemá”.

O meu mecenazgo, a miña calidade de editor, eran unha consecuencia fácil da situación familiar. Tiña unha imprenta, coñecía ben o oficio co que xa podía facer os libros eu mesmo. O papel para as edicións estaba alí e a meu pai non lle importaba que eu sacrificase algunha resma a favor da poesía. Tamén recordo a desinteresada colaboración dos obreiros da imprenta que non negaron a súa axuda, despois da xornada laboral.

Das colaboracións que tivo a Colección, acaso a máis entusiasta e trascendente foi a da miña nai. Ela, que nunca foi moi boa costureira sobrepúxose ás súas limitacións e aprendeu a coser e encadernar os nosos pequenos libros. Tamén tivo con todos nos os afectos máis entrañables e coidounos co maior agarimo e sacrificio naqueles difíciles anos corenta.

O primeiro encontro coa realidade dunha sociedade que non pasaba por alto a nosa aventura, foi no despacho do alcalde, por aquel entón don Remigio Hevia, quen me chamou con urxencia á súa presenza. Don Remigio era un bó amigo dos poetas, e ben que o demostrou en diversas ocasións. Sorprendeume coa estraña noticia de que un grupo de influentes personalidades da cultura e da vida local, pedíralle a súa intervención para deter a nosa Colección que levaba un nome infamante para Pontevedra. Don Remigio, despois de sorrir, abandoando a súa característica seriedade como se me contase unha travesura, dixo:

— Los mandé al Gobernador. Ese era un asunto demasiado importante que requería instancias más altas. Está usted preparado, le llamarán.

O seguinte día xa estaba eu diante do señor Gobernador. Don José Solís Ruiz, recibíume moi serio. Para él eu era, como todo o noso grupo, un xoven aloucado. Sobre a mesa, o libro do proceso en Gibraltar do pirata Benito Soto, aberto polas páxinas que dicían pouco

máis ou menos “... e a súa cabeza será posta nunha gancha á entrada do porto para escarmento...” Léume isto con moita solemnidade, seguramente a que lle suxerían os para min coñecidos visitantes que pedían unha lostregante acción que limpase o honor da cidade, mancado e lixado pola inconsciencia duns xóvenes poetas. Ese, pouco máis ou menos, foi o seu discurso: serio, duro, como o amonestamento dun pai avergonzado da barrabasada do seu fillo. Despois falei eu, defendínme como puiden, pero debín facelo ben porque o Gobernador interrompiume no meu discurso, sorríndome co mesmo sorriso cordial de don Remigio e ofreceume, a título persoal, unha suscripción de honra, co que deixaba saldada a cuestión.

O segundo encontro coa realidade foi a recollida da edición de “Musa alemá”, da que falei antes, con graves repercusións das que volveu a salvarme don José Solís. Despois a marxinação do libro “Fabulario novo” de M. Cuña Novás, por aqueles que nós críamos que estaban ó noso lado, xa que todos defendíamos unha postura común. Estes dous libros editados fóra da Colección, como números extraordinarios, ían ser avanzadillas da transformación da nosa modesta Colección, nun labor editorial máis importante. E non figuran nesta edición facsímil, porque, en verdade, case non existiron, e ven merecen un tratamento desasemellando, o primeiro porque os seus exemplares, a excepción de un pouco máis de medio cento que se salvaron, foron queimados nun vulgar acto oficial de limpeza no almacén de edicións incautadas, e o segundo pola súa limitada tirada e distribución.

Abafada a idea dunha transformación editorial de máis altos voos, e desfeitizado, decidín pola miña conta, sen consello de ninguén, por fin a toda aquela actividade editorial. Metín nas bodegas de “La burla negra”, baixel pirata de don Benitiño Soto, que seguía entre a brétema dos nosos sonhos, ancorada na foz do Lérez, fronte a Estribela, metín digo, tódolos restos das edicións, dos orixinais sen publicar, os proxectos, e larguei as velas aproveitando a marea e o bó vento do norte. Colleu a boca da ría e todo se perdeu no mar.

Pepe Ruibal, que imaxinou unha maneira distinta de facer emigración en América, e foi alá a poñela en práctica, topou co bergantín nas costas americanas do “Río de la Plata”, onde o levou a súa natural querencia, e alí provistouse de abundantes libros, seguindo un apaixonado labor de proselitismo a favor da nosa Colección, ante os indiferentes galegos de alá. O seu encabuxamento tivo o galardón do premio “Ciudad de Buenos Aires” ó libro “Fabulario novo” de Cuña Novás.

Dende a baranda da miña casa da Caeira, ollos polas mañás a boca da limitada ría, que se encadra entre a Puntada e Salcedo, coa esperanza de ver aparecer, calquer día, as velas esventoladas co bó vento do sur, o baixel pirata de don Benito Soto.

Se fose así, bó motivo teríamos para plantexarnos unha derradeira pelexa. “Bajo el pecho la herida” sanguíñenta, porque non temos aínda sandado do que naqueles días nos levóu á nosa aventura poética da Colección Benito Soto.